

Queridos pais/nais/titores/as legais do alumnado:

Queremos informarlles que recentemente detectamos piollos no colexio.

Os piollos son parasitos que habitan exclusivamente a cabeza humana e se contaxian moi facilmente por contacto directo. Son incapaces de voar ou saltar, pero móvense moi rápido de cabeza en cabeza a través de obxectos (peites, gorras,...)

Para manter baixo control os mesmos pedimos a vosa colaboración e recomendámoslles que sigan as seguintes instrucións:

1. **Eliminar os piollos.** Aplicar a loción anti-piollos sobre o pelo seco seguindo as recomendacións do produto detidamente.
2. **Retirar piollos e lendias mortas.** Para isto recoméndase un peite para lendias (“lendieira”) ou peite de púas estreitas. Ademais existen produtos especificamente desenvolvidos que facilitan a eliminación mecánica a base de ingredientes que disolven a substancia que fai que as lendias resultan tan difíciles de extraer.
3. **Protexer** de novos contaxios. Unha vez seguidos estes pasos, recoméndase utilizar un produto repelente sempre que exista risco de contaxio.

**IMPORTANTE:** Ningún produto elimina ao 100% as lendias. Por iso recoméndase repetir o tratamento aos 7 días, tempo necesario de incubación necesario para que os ovos volvan a eclosionar e converterse en piollos.

Recomendacións:

- Evitar o intercambio de peites, cepillos, gorras, toallas mentres exista risco de contaxio.
- Se ten o pelo longo mellor que o leve recollido.
- Lavar tódolos obxectos que tiveran en contacto coa cabeza con auga ben quente.
- Se os piollos non son fáciles de quitar acuda ao seu Pediatra para valorar a posibilidade dalgún tratamento oral ou tópico.
- Lembra que avisando ao colexio axúdanos a previr o contaxio a moitos nenos/as.

Grazas pola vosa colaboración.

